



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Mediante Resolución da Alcaldía nº 112025 de 11 de marzo, apróbanse as bases e a convocatoria para cubrir unha praza de Técnico de Administración Xeral, subescala Técnica, A1, mediante sistema de oposición libre.

O 14/03/2025 publícase no BOP nº 50, a convocatoria e bases de selección dunha praza de técnico de Administración Xeral, subescala técnica, grupo A 1, mediante o sistema de selección. O 01/04/2025 publícase no BOE o anuncio da convocatoria.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 243/2025, do 19 de maio, apróbase a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos ás probas selectivas.

O 30/05/2025 publícase o correspondente anuncio en sede e en BOP nº102, outorgando un prazo de 10 días hábiles para que os aspirantes provisionalmente excluídos emendaran o defecto que motivou a exclusión.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 411/2025, de 21/08/2025, apróbase a listaxe definitiva e noméase o Tribunal. Consta publicación en sede y BOP nº 161 de 26/08/2025.

Desenvolto o proceso selectivo, por Resolución de Alcaldía nº 673/2025, de 18/12/2025, se publica a relación de persoas aprobadas e se propón o nomeamento de dona Leticia Sánchez Ousinde. Por Resolución de Alcaldía nº379/2026, de 11/08/2026, se rectifica erro aritmético na Resolución nº 673/2025.

As bases de selección establecen que o Tribunal efectuará unha relación complementaria cos aspirantes que aprobasen e non obtivesen praza.

A bolsa utilizarase, tal e como determinan as bases, para a cobertura de postos de Técnico de Administración Xeral en réxime funcionarial para os que se esixan os mesmos requisitos e valórense os mesmos coñecementos que se recollen nestas bases (futuras coberturas de vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade, permisos, vacacións, ausencias xustificadas ou en xeral por necesidades xustificadas do servizo).

Proveranse a través da bolsa aqueles postos de traballo do Concello de Cabana de Bergantiños que se identifiquen con algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un máximo de tres anos, nos termos do artigo 10.4 do TREBEP.
- b) A substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoito meses.

Esta bolsa de emprego seguirá en funcionamento ata o seu esgotamento pola creación de nova bolsa, que suporá a extinción da que estivese vixente.

Por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Constituír a bolsa de emprego para a cobertura de postos de Técnico de Administración Xeral do Concello de Cabana de Bergantiños, co seguinte detalle:

POSTO	DNI	NOME ASPIRANTE
1	***859***	COIRA LOPEZ, MARIA JOSE
2	***486***	RODRIGUEZ CEBREIRO, MARIA CRISTINA
3	***599***	RAMOS GOMEZ, ESTEFANIA

4	***854***	SUAREZ EXPOSITO, IGNACIO RAMON
5	***554***	IRIGOYEN VAZQUEZ, SERGIO
6	***566***	PINAL SEOANE, SILVIA MARIA
7	***942***	SUAREZ POSE, SERGIO
8	***004***	OTERO LÓPEZ, VERÓNICA MARÍA

SEGUNDO.- Publicar no Taboleiro de anuncios do Concello de Cabana de Bergantiños a presente Resolución.

En Cabana de Bergantiños,

O ALCALDE

José Muiño Domínguez

**Dou fe,
A SECRETARIA ACCIDENTAL**

María Cristina Candal Rey